

Información xeral sobre a matrícula e a asignación de horarios no Grao Profesional

Curso 2024/25

■ MATRÍCULA

O prazo de matrícula para o alumnado do centro sen materias pendentes é do 24 de xuño ao 1 de xullo.

Para o alumnado de novo ingreso e o alumnado con materias pendentes o prazo é do 2 ao 5 de xullo.

■ MATERIAS E OFERTA EDUCATIVA

As materias que o alumnado deberá cursar no grao profesional varían en función do curso e da especialidade. No seguinte enlace pódese consultar a oferta lectiva que corresponde a cada curso e especialidade: [currículo grao profesional](#)

■ ASIGNACIÓN DE GRUPOS E HORARIOS

Coro, Orquestra/Banda/Big Band, Idiomas aplicados ao canto e Conxunto (agás na especialidade de Piano)

Nestas materias o centro asignará o grupo que corresponda a cada alumno/a en función da súa especialidade e curso.

O grupo asignado poderase consultar en CENTROSNET¹ unha vez aberto o prazo de matrícula.

Outras materias grupais

No caso das materias grupais nas que o centro oferta varios grupos, como son: Linguaxe musical, Conxunto (na especialidade de Piano), Harmonía, Novas tecnoloxías, Análise, Historia e as materias optativas e itinerarios para 6ºGP, o alumnado deberá indicar as súas preferencias sobre a elección de horario no formulario de matrícula, facendo constar todas as opcións posibles

¹ Na web do centro está dispoñible a [Guía de acceso a centrosnet](#) onde se indica como acceder á plataforma por primeira vez.

ordenadas segundo o interese de cada alumno ou alumna. Recórdase que deberase ter en conta o horario das materias con un solo grupo indicadas no punto anterior.

No caso de que o formulario non está correctamente cuberto ou incompleto o alumno/a perderá calquera dereito de preferencia na adxudicación.

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. Só no caso de grupos con asignación preferente en función da especialidade: terá preferencia o alumnado da/s especialidade/s indicadas en cada grupo comezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "H".
- 4º. O resto do alumnado empezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano correspóndese coa letra "H".

A adxudicación dos horarios destas materias poderase consultar na plataforma CENTROSNET a partir do día 15 de xullo.

Instrumento

A asignación de profesor/a de instrumento (profesor/a titor/a) farase en setembro seguindo a seguinte orde:

- 1º. Asignarase o mesmo profesor/a que no curso anterior ao alumnado do centro que non solicitara o cambio do mesmo, sempre que teña horario dispoñible.
- 2º. Asignarase profesor/a ao alumnado que non poida continuar co seu profesor/a titor/a do curso anterior segundo os criterios establecidos.
- 3º. Atenderanse as solicitudes de cambio de profesor/a segundo os criterios establecidos, no caso de terse solicitado na matrícula.
- 4º. Asignarase titor/a o alumnado de novo ingreso segundo as preferencias indicadas na matrícula e aplicando os criterios establecidos.

Criterios para a asignación de profesor/a titor/a

Dentro de cada un dos puntos anteriores o procedemento para a elección sempre irá de maior a menor curso. De coincidir dous ou mais alumnos do mesmo curso terá preferencia o alumnado con máis anos cursados no centro sen contar as repeticións e, en caso de empate, terá preferencia o alumnado de menor idade.

Asignación de horario

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Terá carácter presencial, polo que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

Orde de adxudicación do horario

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. O resto do alumnado de menor a maior idade sen prioridade de curso.

■ SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO E/OU HORARIO

Poderase solicitar cambio do grupo e/ou horario sobre os inicialmente adxudicados.

1º PRAZO. Do 16 ao 18 de xullo. Resolución a partir do 23 de xullo.

2º PRAZO. Do 11 ao 17 de setembro. Resolución a partir do 19 de setembro.

O centro comunicará por centrosnet, correo electrónico ou telefonicamente a resolución a cada un dos solicitantes.

IMPORTANTE: as datas e prazos deste documento poderán sufrir modificacións debido as necesidades organizativas do centro. Calquera modificación ou actualización deste documento será publicada na súa web.